



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do vinte e sete de abril de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (23/03/2022)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 23/02/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para a remunicipalización do servizo de axuda no fogar (SAF). (Expediente núm. 2022/X998/000029)

Dáse conta da citada moción do grupo municipal do BNG na que expoñen que a axuda no fogar constitúe unha prestación básica dos servizos sociais, e a súa xestión correspóndelle a concellos e deputacións por ser unha competencia dos servizos sociais comunitarios, que se van facendo externos mediante procesos de subcontratación con empresas privadas, que é lóxico indicar, teñen ánimo de lucro.

As condicións de precariedade que a miúdo ofertan estas empresas non son sustentables, parte das traballadoras teñen contratos parciais, horarios fraccionados, desprazamentos entre servizos domiciliarios non recoñecidos... etc, e os seus salarios son indignos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



No caso de Vedra, este servizo emprega a máis de 35 persoas, sendo o 100% mulleres, no que existen tres tipoloxías de condicións laborais: persoal laboral do concello e que hai 16 anos fixeron externo, mulleres con contratos fixos posteriores e os contratos para cubrir demandas puntuais, baixas, vacacións,...etc.

A nova empresa adxudicataria négase a cumprir con parte do convenio asinado, e á data de 2022 todas as melloras acordadas para o 2021 e 2022 tiñan que estar xa implementadas.

As traballadoras do servizo despois de anos de precariedade veñen reclamando cuestións relacionadas coa quilometraxe, xornada e partes de traballo, actualización do salario ao IPC, roupa de traballo e Epis, cursos de formación, traballar en condicións de seguridade, ter en conta ao colectivo de traballadoras, non só á empresa concesionaria, melloras sociais, laborais e económicas, igualando as condicións laborais do colectivo, que se acabe co sistema de subcontratación do servizo a empresas.

En resumo non se pode entregar un ben social ao ámbito do negocio puro e duro, máxime cando esta entrega supón ás arcas públicas un sobre custe estimado de entre un 10 e un 15%, por iso solicitan a adopción dos seguintes acordos:

- 1) Remunicipalizar o Servizo de Axuda no Fogar, recuperando a xestión municipal do mesmo e integrando ás súas traballadoras como contratadas municipais (modificando a estrutura interna de traballo, incluída a RPT municipal de ser necesario).
- 2) Revisar o cumprimento do convenio de mellora do servizo por parte da nova empresa adxudicataria, analizando a posibilidade de rescindir a concesión no caso de incumprimento, remunicipalización do servizo sen esperar á conclusión do contrato de concesión.

O Sr. Pose Rodríguez expón a posibilidade da xestión directa do servizo, sobre todo tendo en conta que vai existir un centro de día. Cre ademais que é unha opción xusta, con independencia de que sexa máis cara e que contactaron ao efecto con concellos que o xestionan directamente, e están dispostos a pactar unha planificación. Di que non hai outro servizo máis importante no concello que o SAF.

A Presidencia di que a xestión directa é unha opción política do BNG de Vedra, lexítima, pero que non está de acordo con varios aspectos da súa xestión directa e que a tendencia é facer externo o servizo para a súa sustentabilidade.

Dona Beatriz Amenal di que a Lei 39/2006 se aprobou durante o goberno do partido socialista de Zapatero e fai algunhas matizacións sobre do texto da moción. Expón que a xestión directa non sería máis cara, pero que non ten os datos económicos concretos e non cre que estivese peor xestionado se fose por xestión directa.

A Presidencia expón o esforzo de 250.000 euros de achega municipal anual ao servizo, dado o gran número de familias que se atenden e as melloras aprobadas ao persoal do servizo, e que noutros concellos non acontece o mesmo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que na moción hai unha parte que é un percorrido pola historia do SAF. Así mesmo hai unha parte da moción que foi entregada aos veciños na que se expón que non se pode entregar un ben social ao ámbito do negocio



puro e duro, máxime cando esta entrega supón ás arcas públicas un sobre custe estimado dun 10 %.

O principio básico da moción é que é un ben público, polo que pasarán todos eles e os seus familiares, e o único no que están todos de acordo é que as traballadoras en todo caso teñen peores condicións laborais agora que as que tiñan cando as xestionaba directamente o concello. Cando fala de remunicipalización está falando de xestión directa.

A solicitude é volver realizar a xestión directa deste servizo, que está recollida na regulamentación municipal para que as traballadoras do mesmo recuperen as condicións laborais que tiñan antes de facelo externo. Existen concellos que fixeron unha remunicipalización do servizo, e non é unha cuestión política, porque son concellos de distintas cores políticas; e outros optaron por facelo externo.

En todos os casos de remunicipalización o servizo é viable e funciona perfectamente. Hai sistemas de xestión directa, outros con xestión directa e contratación externa para cubrir baixas, vacacións e fins de semana e así permitir que as traballadoras teñan fins de semana normais, etc. En todo caso, gáñase en benestar das traballadoras e en calidade do servizo.

Solicita a remunicipalización do servizo a través da xestión directa e están dispostos a pactar se é necesario prazos xa que hai un convenio e un contrato que non se pode romper. Pódese facer a través do concello cunha empresa municipal como noutros concellos.

En definitiva, está disposto a chegar a calquera acordo que termine na xestión directa do SAF. Di que non hai ningún servizo no concello máis importante que o SAF.

A Presidencia di que é importante aclarar de xeito obxectivo varias cuestións. Cando di o BNG que as traballadoras teñen peores condicións de traballo agora que antes, iso é falso. Na moción comete imprecisións, esaxeracións, interpretacións interesadas ou opinións que son tremendamente inxustas co equipo de goberno.

Comezando polas reclamacións históricas das traballadoras do SAF, dende o 2011 ata o día de hoxe, sempre que vén un representante sindical ou traballadoras sexan do concello ou das externalizadas e había algún conflito onde tivera que mediar o concello, sempre houbo diálogo co equipo de goberno.

Di que o voceiro do BNG recoñeceu que non falara con todos os representantes sindicais. Debería telo feito, especialmente con CC.OO que é a que ten a representación maioritaria e que está involucrada dende o principio na defensa das traballadoras deste servizo. A Presidencia di que el si falou con CC.OO e con algunha traballadora en particular tamén.

Cando fala das reclamacións das traballadoras, en canto á quilometraxe, entra na cerimonia da confusión e da demagogia, porque o convenio de axuda a domicilio, segundo lle informan os sindicatos, di que a quilometraxe se paga dende a primeira casa ata a última, non antes. Chegouse a un acordo sindicatos e traballadoras para que se pagase dende o centro de traballo, que sería o concello. Colocáronse tres máquinas para fichar en tres puntos do concello para que tiveran máis opcións.

Dende a casa da traballadora ao centro onde fichan considérase un desprazamento “in itinere” e a partir de aí é cando contan os quilómetros; igual que a técnica económica do concello vive en Vigo e non se lle paga a quilometraxe ata o centro de traballo. Polo tanto está facendo demagogia e confundindo á xente porque se puxo en marcha algo que as propias traballadoras e sindicatos asinaron e solicitaron. A maiores disto, o



quilómetro págase a 0,25 € dende este ano. Pregúntalle se coñece algún concello de Galicia que o faga.

Tamén fala de que os partes de quilometraxe se envían por correo electrónico, e preguntou e iso non supón ningún problema.

En canto ás xornadas e partes de traballo que están mal sumados e sempre en contra das traballadoras, a Presidencia di que iso sucede ás veces, non é algo xeneralizado e en ocasións a confusión é a favor da traballadora.

No que se refire a partir a xornada en tres, di que iso é algo excepcional e cando sucede é de acordo coas traballadoras implicadas.

En canto a que son persoal especializado en coidados a dependentes e non limpadoras, di que iso depende dos plans de traballo, e que se respectan os tempos da comida.

Sobre o plus de dispoñibilidade, di que se o meten en nómina, logo non se poden negar a esa dispoñibilidade.

Respecto ao prezo das horas feitas a maiores e que se pagan por debaixo do prezo das horas normais, di que se pactou a bolsa de horas no contrato.

Cónstalle que están falando os sindicatos e a patronal para intentar chegar a un acordo no tema do IPC, e que en canto se asine será aplicado a todo o persoal.

Xa está entregada a roupa completa de traballo, os EPIS, etc e están con cursos de formación presenciais.

Dende un primeiro momento sempre houbo diálogo coa empresa e traballadoras e sempre foron capaces de chegar a un punto de encontro.

Non admite que diga que “non se pode entregar un ben social a un ámbito de negocio puro e duro, máxime cando esa entrega supón ás arcas públicas un sobre custo estimado entre un 10% e un 15%”. Iso é falso e supón que admitirá que iso tamén pasará entón nos concellos do BNG que teñen o servizo externalizado. É unha afirmación falsa.

Pregúntalle se falou coa técnica de xestión económica para elaborar a moción. O segundo erro da moción é que non vén acompañada dun estudo económico. A xestión directa pode ser pésima ou magnífica e prestar un bo servizo non ten nada que ver con que sexa xestión directa ou non. Unha xestión indirecta é unha xestión controlada directamente pola traballadora social do concello ou polo seu departamento.

Cre que as traballadoras son profesionais e fan o seu traballo exactamente igual independentemente do tipo de xestión que teña o servizo. Os problemas diarios que van xurdindo no SAF non desaparecen porque sexa unha xestión directa, ás veces aínda se incrementan pola burocracia das administracións.

O grupo de goberno ten a responsabilidade de facer sostible o concello e non poñer en perigo outros servizos. En todos os anos que levan gobernando, en relación ao SAF, non só se centraron en que houbera máis prestacións, máis servizos aos usuarios, senón que tamén traballaron para que houbera melloras para as traballadoras. Cando di que teñen agora peores condicións ca antes, iso é falso.

Existe un respecto profundo por todas as traballadoras e hai que felicitalas, non só polo seu traballo durante a pandemia, senón porque é un traballo complicado e sempre hai que defendelas e dignificalas.

Aínda que o servizo está externalizado, das 32 traballadoras, hai 5 que seguen sendo municipais. Seguen mantendo todas as condicións do convenio colectivo do concello de Vedra, que é un dos mellores convenios colectivos da administración local de Galicia.

Dende que goberna o PP en Vedra, estendéuselles o fondo social no ano 2012; no 2017, dentro das 5 traballadoras había diferenzas salariais e igualáronse por arriba. Dende este ano teñen a mellora do plan de pensións, etc.



As bases da licitación dos concursos negociáronse sempre cos sindicatos e coas representantes sindicais. Ás traballadoras externas aplícaselle o convenio de axuda a domicilio de Galicia. Agora formouse a patronal galega, e dentro do Consello Económico Social de Galicia están negociando os incrementos do IPC e seguirán negociando as melloras dese convenio colectivo, que serán aplicadas tan pronto se aproben.

Cando no ano 2021 se chegou a un acordo asinado entre os sindicatos e os traballadores do concello de Vedra, mantívose o salario e acordouse para en tres anos pasar da xornada de 39 horas semanais a unha xornada de 37 horas e media, igualándoas ás traballadoras do concello; tamén se aumentaron os días de asuntos propios incorporando o 24 e 31 de decembro e o día de Santa Rita; págase o quilómetro a 0,25 € e o plus de dispoñibilidade para a coordinadora. O custe destas melloras son arredor de 100.000 € e acadouse un acordo para chegar ao 100% desas melloras en tres anos e as traballadoras entenderon a posición do concello de que había que facelo pouco a pouco.

Pregúntalle ao Sr. Pose, do BNG, que traballadoras do SAF de Galicia teñen estas condicións laborais. Agora mesmo o 70 % do cadro de persoal está no 100% da xornada laboral.

No que se refire ao custe económico, no 2016 as 5 traballadoras do concello estaban prestando a través da xestión directa a libre concorrència e o custe real desas 5 traballadoras municipais en xestión directa era de 20,76 €/hora incluída a quilometraxe e o material dividido polas horas efectivamente prestadas. Despois hai baixas, vacacións, días de permiso, etcétera que hai que cubrir.

A día de hoxe ese mesmo servizo coas cinco traballadoras co convenio colectivo do concello de Vedra, salarios, seguridade social, quilometraxe, fondo social, plan de pensións, antigüidade, estaríamos a falar duns 145.000 €. A iso hai que sumarlle subcontratar horas, que serían as vacacións, as horas de absentismo laboral (visitas médicas, acompañamento por enfermidade, baixas, etc) o que supón uns 30 ou 35 mil euros máis ao ano. Son, por tanto, uns 175.000 € ao ano, que dividido polas horas máximas que podían prestar, están nuns 21€/hora.

A iso fáltalle sumar a porcentaxe correspondente da traballadora social, a porcentaxe a media xornada dunha auxiliar a maiores que está incluído na actual adxudicación, a repercusión directa de axudas técnicas e servizos varios (camas, colchóns, grúas, material, formación etc). Todo isto incrementaría como mínimo 3 € máis, co que pasaría, en xestión directa mínimo a 24€/hora a día de hoxe, co que son 5 € máis por hora que o actualmente adxudicado.

Se están agora mesmo entre dependencia e libre concorrència en 38.000 horas de prestación efectiva, habería que sumarlle aos 250.000 € que xa se están poñendo de fondos propios, outros 150 ou 200 mil euros máis ao ano, dando un resultado de 400 - 450.000 € de fondos propios ao ano. O campo de fútbol que dixo o Sr. Pose faise unha vez cada 10 anos, e isto é un desembolso anual.

Polo tanto é inviable e non asumible, e o BNG tería que explicar se algún día gobernan como o farían.

Sería unha irresponsabilidade enorme apoiar esa moción por parte do equipo de goberno e por conseguinte o voto do seu grupo vai ser en contra.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que lle gustaría ver reflectido os números nun informe dos servizos técnicos do concello.



O PSdeG-PSOE xa no ano 2015 levaba no seu programa electoral a remunicipalización deste servizo porque son uns defensores da xestión pública. É certo que a administración ofrece mellores condicións laborais aos traballadores.

Cuestiónalle ao BNG que para defender a xestión pública non é necesario faltar á verdade, porque na exposición de motivos hai cousas que non son certas. Parécelle que é unha falta de respecto ao recoñecemento á loita de moitas traballadoras que conseguiron mellorar esas condicións que nun primeiro momento eran precarias.

Nas primeiras adxudicacións que se fixeron deste servizo, falaba a traballadora social que moitas empresas que concorían a este contrato eran empresas que viñan de prestar un servizo de limpeza. Non coñecían a complexidade de prestar un servizo deste tipo.

En canto aos cartos que ten que poñer o concello para este servizo, recórdalle á Presidencia que iso é debido a que está mal financiado por parte do Estado e da Xunta e hai que dispoñer de fondos públicos propios que poderían estar destinados a outras cousas.

Proponlle ao BNG retirar a moción, facer os números correspondentes e volver presentar a moción.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu partido xa fixo o seu traballo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que cuestionando os números que se puxeron enriba da mesa, votarán a favor da remunicipalización do SAF, se ben no punto número dous da moción, entenden que o concello sempre ten que estar vixiante ante o funcionamento dunha empresa que presta un servizo como este. Polo que ela coñece do cumprimento do convenio, neste momento hai unha denuncia polo tema da subida do IPC e hai unha petición por parte do goberno do Estado dun pacto de rendas entre sindicatos e empresas.

Solicita que o BNG modifique ou retire ese punto da moción.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que unha cousa é que construíra a moción coa xente da CIG, e outra cousa é que non consultara despois coa xente de CCOO, e a voceira do PSdeG-PSOE sabe perfectamente que si o fixo.

Non ten problema en facer unha modificación sobre esta moción.

Faille unha proposta ao Sr. Alcalde: dálle a razón en todo excepto no das contas de parte. Propón cambiar a moción e deixarlle elixir ás traballadoras para que fagan unha votación elas e que elixan se queren reincorporarse á xestión directa ou seguir como están.

Se o Alcalde ten razón, as traballadoras van querer seguir onde están; se a ten o BNG van votar que queren reincorporarse ao sistema de xestión directa.

A Presidencia di que as súas contas son correctas.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que son unhas contas de parte e pregunta como é posible que concellos cun terzo do orzamento que ten Vedra, teña un servizo que lle dá moitas voltas ao servizo de Vedra, e todo con xestión directa.

A Presidencia replica que o voceiro do BNG está intentando facer unha trampa lingüística dunha cuestión que non é factible e é inviable.

O BNG non aporta datos nin estudos na moción e no vídeo que publicou en redes sociais puxo como modelo o concello de San Sadurniño.



O 15 de abril saía publicado en La Voz de Galicia: “El BNG impulsará su estrategia para las municipales con medidas anticrisis conjuntas. La baza del BNG será el aval de concellos nacionalistas referentes en política de bienestar y calidad de vida”. Por curiosidade, a Presidencia mirou o que fan os concellos bandeira do BNG. Pregúntase porque non falou con Lores en Pontevedra, ou co alcalde de Rianxo, que levan moitos anos gobernando e son estrelas do BNG e teñen o servizo externalizado dende hai moitos anos.

Mirando datos do concello de San Sadurniño e Carballo; en Carballo teñen un sistema mixto, que no fondo é unha externalización de facto, xa que teñen 13 auxiliares do concello, igual ca Vedra que ten 5, pero logo sacan a licitación para 69 auxiliares. Isto é, o 85% do SAF de Carballo está externalizado por un período de catro anos. Nesa licitación impugnou os pregos de contratación ASADE, que é a mesma asociación madrileña que o fixo en Vedra.

No que se refire ás condicións económicas das traballadoras, o salario base é o mesmo ca en Vedra, pero o quilómetro págase a 0,19 €; a xornada laboral é de 39 horas semanais, non de 37 e media como en Vedra, e non teñen máis días de permisos como teñen en Vedra. En definitiva, as traballadoras do SAF dun dos concellos bandeira do BNG teñen peores condicións laborais que as de Vedra.

En canto a San Sadurniño, teñen unha xestión directa con 16 traballadoras. Descoñece as condicións das traballadoras, aínda que supón que será unha xornada semanal de 39 horas e o quilometraxe a 0,19 €, porque é o que está no convenio colectivo.

Na resposta a unha pregunta no pleno de xaneiro de San Sadurniño a voceira do BNG recoñeceu as limitacións do concello para prestar o servizo. No ano 2021 tiñan adxudicadas para dependencia 2.091 horas ao mes e prestaban efectivamente 1.339 horas ao mes; é dicir, só o 65% das horas que teñen adxudicadas. Deixan de prestar 725 horas ao mes, é dicir, xente que ten recoñecido ese dereito non está atendida. Di tamén a voceira que para prestar esas 725 horas teñen que contratar a 5 traballadoras a xornada completa e que non é viable para o concello.

En Vedra agora están en 2.850 horas ao mes adxudicadas de dependencia e préstanse todas. Segundo a traballadora social, vanse solicitar 80 horas máis, polo que se chegan ás 2.930 horas mensuais. O dobre de horas que en San Sadurniño.

A Presidencia sinala que non quere o modelo de San Sadurniño, porque non quere deixar de prestar 725 horas ao mes, xa que quere atender ao maior número de usuarios. Para el o peor servizo que se pode dar é aquel que non se presta.

Replica o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, dicindo que Vedra ten case o triplo de orzamento que San Sadurniño e ten as mesmas horas concedidas, e que San Sadurniño ten un centro de día e unha mini residencia que tamén son de xestión directa. Só faltaba que Vedra co triplo de orzamento non cubrira o 100% das horas concedidas.

A Presidencia di que San Sadurniño leva a mesma achega por hora da Deputación e a Xunta ca Vedra e que poucos sitios en Galicia haberá nos que as traballadoras do SAF teñan mellores condicións ca en Vedra.



Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que falaron de San Sadurniño porque foron ver a xestión que facían do SAF e explicáronlles exactamente como funcionaba. Teñen un centro de día e unha mini residencia xestionada por eles, ademais a atención de dependencia non van ás casas dos usuarios pero si van ao centro de día.

Por outro lado, cre que non se poden comparar con Carballo, que é seis veces máis grande ca Vedra.

En canto ao erro no cálculo das horas, o problema é que se as traballadoras non revisan e reclaman a empresa non fai un cálculo das horas.

Pregunta por que as traballadoras do SAF teñen que usar os seus móbiles propios, cando no concello hai un tempo se falou de que os traballadores municipais non podían usar os seus propios equipos para o traballo a distancia.

As melloras acordadas tiñan que estar xa para este ano implementadas e non o están e xa se verá se van estar para o ano que vén.

Cre que deberían interiorizar as reclamacións da moción aínda que non se aprobe para ver que se pode facer con algunha delas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a Presidencia falaba do custe real das 5 traballadoras no 2016 era de 20,76 €/hora e que no 2022 é de 24 €/hora. No ano 2019 xa subiu o SMI un 22% e xa se asinou outro contrato onde se inclúen unha serie de melloras que teñen un custe. Cre que a comparación é tramposa, porque ao mellor coa suba dos carburantes non é suficiente a como pagan a quilometraxe.

Insiste en que se deben centrar no concello de Vedra e non noutros concellos e no déficit de financiamento deste servizo por parte doutras administracións.

Di que o seu grupo vaise abster.

A Presidencia di que lle fai graza que o BNG poida comparar Vedra con calquera concello, pero se o fai o PP, non ten dereito.

O que mantén dende o principio é que sempre houbo mediación do concello coa empresa ante calquera reclamación das traballadoras e seguirano facendo. Normalmente foron capaces de atopar solucións aos conflitos e demandas das traballadoras.

En canto ao custe da hora das traballadoras, os 21 € son como custe puro e duro, e aos 24 € chega coa repercusión de todo o resto que hai agora (traballadora social, melloras técnicas, etc), que non incluíu no custe dos 21 €.

En canto ás condicións das traballadoras, puxo enriba da mesa unhas condicións concretas: xornada de 37 horas e media semanal, quilometraxe a 0,25 €, nove días de asuntos propios e tres a maiores, etc. Pregunta que traballadoras, sexan de xestión directa ou indirecta, do SAF en Galicia teñen esas condicións.

O propio BNG e a CIG puxeron no Consello Económico Social de Galicia a Vedra como exemplo para mellorar as condicións das traballadoras do SAF noutros concellos.

O concello tratará de seguir mellorando o servizo, pero farao sempre con responsabilidade.

Posta a votación a citada moción, rexéitase con oito votos en contra do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos a favor do BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do grupo municipal do BNG para a posta en valor da solicitude de cesión e humanización de tramos de vías con tránsito en núcleo urbano (ou asimilable) á Deputación de A Coruña. (Expdte: 2022/X998/000034)



Dáse conta da citada moción na que expoñen que en outubro de 2017 o Pleno deste concello aprobou, por unanimidade, unha moción para humanizar, sinalizar e colocar limitadores de velocidade naqueles tramos viarios considerados travesías que son propiedade da Deputación, é dicir, tramos de estradas que discorren por poboado, sen alternativa viaria ou variante, como é o caso de Vedra e San Xián de Sales. No caso de Vedra son propiedade da Deputación os tres accesos ao núcleo urbano; no caso de San Xián cruza o núcleo urbano, e ademais temos outro núcleo con serios problemas de circulación por exceso de velocidade e tránsito de vehículos pesados, no cruce de San Miguel de Sarandón.

Na moción anterior solicitábase:

- 1.- Solicitar o traspaso da propiedade dos tres tramos viarios antes mencionados á Deputación.
- 2.- Solicitar a reparación do aglomerado e a colocación de :
 - *Sinalización adecuada.
 - *Bandas rugosas nos accesos a núcleos, ou nas proximidades de zonas especialmente conflitivas.
 - *Colocación de pasos peonís sobreelevados, e correctamente sinalizados (de acordo coa lexislación vixente) diante da farmacia de Vedra, do CPI de Vedra, da Casa do Concello, da escola unitaria de San Fins, e fronte á Sociedade Agrícola Unión e Progreso de San Xián.
 - *Colocación de “lombos de burro”, no acceso aos núcleos urbanos.

Solicitan do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1º.- Que o Alcalde de Vedra, xunto cos voceiros dos partidos que aproben a presente moción, solicite de maneira urxente unha rolda de prensa cos medios de comunicación de maior difusión (El Correo Gallego, La Voz de Galicia e TVG entre outros), para explicar o acontecido e reclamar que a Deputación regule as travesías que son da súa propiedade; ben facendo efectiva a solicitude que se lle fixo hai cinco anos a través da moción (construción de limitadores de velocidade e posterior cesión), ou ben a construción de limitadores de velocidade sen cesión.
- 2.- Que o concello de Vedra, coloque bandas nos núcleos afectados solicitando á Deputación a construción de limitadores de velocidade e posterior cesión dos tramos.
- 3.- Que o Concello de Vedra se dirixa á Dirección Xeral de Estradas do Estado, do Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana e novamente á Deputación de A Coruña, para solicitar a realización de limitadores de velocidade nas proximidades do cruce de San Miguel.

O Sr. Pose expón que hai moitas solicitudes semellantes doutros concellos na Deputación, pero Vedra non ten competencia sobre estes tramos, ao igual que sobre dos tramos correspondentes á Xunta. O que pretende é que se convoque unha rolda de prensa cos voceiros que aproben esta moción e reclamar publicamente que dunha vez se fagan. Vedra é unha das excepcións onde se pode regular a velocidade con barreiras físicas.



O obxectivo é que fagan a cesión dunha vez ou ben que fagan eles as obras se esa cesión non se pode realizar por algunha limitación legal.

No caso de San Miguel trátase de reclamarlle á Xunta de Galicia o mesmo que se lle reclama á Deputación nos mesmos termos.

A Presidencia expón que lle gustaría introducir un punto previo na moción que non desvirtúa o que se pretende conseguir, que no mes de maio se puidesen reunir co Presidente ou Deputado responsable para tratar este asunto e que lle dean nese prazo unha solución. De non haber resposta convocar a rolda de prensa.

É un tema que, en efecto, está enquistado, se ben hai boas palabras. Que os problemas principais están en Vedra e San Xián de Sales, e no caso de San Miguel se necesitaría unha solución diferente, e que no caso das bandas hai colectivos relacionados co transporte que protestan, se se colocan indiscriminadamente.

Di que colocaría as pancartas reivindicativas en Vedra e San Xián e non en San Miguel, porque ata agora á Xunta de Galicia non se lle dixo nada e porque ata o de agora todo o que se lle solicitou á Deputación en San Miguel fixérono.

Di que o seu grupo vai votar a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, cre que hai maneiras de facer as cousas e convocar unha rolda de prensa sen escoitar antes á Deputación non lle parece correcto.

Expón que, segundo a Deputación, no ano 2018 recibíuse un escrito, sen moción, do Concello de Vedra, e que non se poden partir as vías en tramos, só no seu inicio, e que en todo caso se pode solicitar un plan para a mellora da seguridade viaria.

Dende a Deputación comunicáronlle que está disposta a que o concello presente ou solicite un plan de seguridade viaria. O 22 de marzo adxudicouse unha obra por 225.000 € que pretende arranxar a seguridade viaria nese tramo final da estrada dende A Gaiosa.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

A Presidencia expón que asistiu a varias reunións cos técnicos e, en definitiva, o tema está paralizado e propón unha reunión dos grupos municipais coa Deputación.

Por outro lado, pensando na estrada de San Miguel e o cruce coa estrada da Xunta, ao principio da lexislatura tivo unha reunión co Presidente para certas actuacións que tiña que facer a Deputación, e ten que dicir que están cumprindo todas as palabras que lle deu de forma razoable (ampliación da estrada ata o cruce de San Miguel, as beirarrúas que van facer agora e queda pendente o compromiso de ter o proxecto da ampliación da estrada despois do cruce antes de rematar a lexislatura).

Xa se falou de ter unha reunión coa Xunta de Galicia ao coincidir as dúas estradas para ver a mellor solución no cruce respecto da seguridade viaria. Non se trata tanto de quen fai a obra, senón de decidir o que se fai.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade co matiz de ter unha reunión previa coa Deputación no mes de maio.

4º.- Informe, se procede, sobre proxecto de expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 (Vedra)

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.



Vista a providencia da Alcaldía na que se dá conta da necesidade imperiosa de dispoñer na Escola Unitaria de San Xián de Sales (CRA Boqueixón - Vedra Neira Vilas) dun patio de xogos e actividades para os rapaces e rapazas, e así mesmo dispoñer na parroquia de San Xián de Sales dun espazo público como parque infantil e de ocio para toda a veciñanza, e todo iso nunha contorna segura, polo que se dispón o inicio do procedemento de expropiación forzosa.

Por Secretaría emítese informe con data do 22/03/2022 e solicitouse a certificación de dominio e cargas da parcela obxecto da expropiación.

Con data do 21/04/2022 redáctase proxecto de expropiación urbanística polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 do vixente PXOM deste concello.

Con data do 25/04/2022 emítese pola intervención municipal informe sobre existencia de crédito dispoñible.

Consta no proxecto relación de propietarios e bens que resultan afectados pola execución da actuación.

Polo exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación mediante trámite de taxación conxunta dos terreos incluídos no sistema xeral SXP-3 do vixente PXOM deste concello, nos termos da documentación técnica achegada de data 21/04/2022.

SEGUNDO. Someter o proxecto de expropiación mediante trámite de taxación conxunta a información pública polo prazo dun mes, mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, no Diario Oficial de Galicia e nun xornal de maior tirada da provincia para que os que poidan estar interesados formulen as observacións e reclamacións que consideren oportunas, en particular no relativo á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

Ademais, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [endereço <https://sede.vedra.es>].

TERCEIRA. Notifíqueselles este convenio aos titulares e titulares de dereitos afectados, acompañando á notificación a súa respectiva folla de taxación e a proposta de fixación dos criterios de valoración, para que formulen alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data da notificación.

Pola Presidencia dáse conta que o proxecto de expropiación foi redactado por Estudio Técnico Gallego, S.A e a súa valoración ascende a un total de 15.959,42 euros.

Posta a votación, apróbbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á retirada do vertido de residuos sólidos que había en Laraño nun regato, a Presidencia di que xa está feita.



2º.- Sobre cal é a operativa que ten que seguir a persoa ou empresa interesada que queira facer un cambio de cultivo no concello, a Presidencia di que é na Xunta en Medio Rural, onde se solicita o cambio de cultivo e quen o autoriza. Ningunha das partes ten a obriga de comunicarlle nada ao concello.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se non se abre ningún expediente cando se executa ese cambio de cultivo.

A Presidencia contesta que dependendo de que tipo de actuacións se vaia facer, se teñen que pedir licenza ou non.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao tema do transporte no CPI de Vedra, a Presidencia di que se fixeron as actuacións pertinentes diante de mobilidade polas canles axeitadas e dixéronlle que agora xa está solucionado. Actualmente non existe o desdobre ao que se refería.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o arranxe a marquesiña de San Fins, a Presidencia di que xa está feito.

2º.- Respecto a arranxar a pista en Outeiro en Vilanova que se estragou coas escorregas dos viñedos e quen o vai facer, se os donos dos viñedos ou o concello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que o pavimento ten que reparalo o concello e a cuneta onde levantaron os tubos vaino facer a empresa cando cambien as condicións climatolóxicas. Reparouse a tubaxe e agora falta o cemento.

3º.- Sobre o mal funcionamento de Correos en San Fins e San Xián, a Presidencia di que hai meses que está habendo problemas no servizo de Correos. Este é un servizo estatal que depende doutras administracións e doutros partidos. O PP de Vedra nunca fixo sangue diso e sempre transmitiron por vía interna as reclamacións que lle chegaban para atopar unha solución.

Dos catro postos de carteiro de Vedra, agora 3 xa son fixos. Supón que eses problemas se deberían ao cambio ou substitución cada dous meses do carteiro. Agora ao ter tres carteiros fixos resolvéronse a maior parte dos problemas.

O ideal sería que cubriran de xeito definitivo esa cuarta praza o máis pronto posible.

4º.- Respecto a se a empresa que está a prestar o servizo do SAF está a cumprir todas as melloras, a Presidencia di que lle consta que a traballadora social está vixiante das actuacións da empresa para que cumpra todas as melloras de forma correcta o máis rápido posible e da mellor maneira posible.

5º.- Sobre cantos cartos por parroquia leva investido o concello nesta lexislatura di que os investimentos son públicos, sexan da Xunta de Galicia, da Deputación ou do concello. Pódeo comprobar e ver tanto nas licitacións das obras, adxudicacións, aprobación de facturas, etc. Di que el non lle vai facer o traballo á oposición.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto ao vertido de Laraño, di que xa está contestada.

2º.- Sobre o transporte, en moitos concellos está pasando que, como Monbus leva todo, o que fai é apurar os horarios entre as paradas aos traballadores, e iso obriga aos usuarios a ir con présa, a Presidencia di que non está pasando en Vedra, que el saiba. Hai algunha cuestión que está intentando negociar con algún axuste dalgún autobús relacionado co IES de Pontepedriña.

3º.- Respecto á porcentaxe de persoas de Vedra que hai nese obradoiro de garantía xuvenil a Presidencia di que hai catro persoas de Vedra. E respecto á solicitude de novos obradoiros di que os catro concellos decidiron non solicitar este ano o obradoiro dual.

6º.- Renuncia de José Antonio Pose Rodríguez como concelleiro do BNG.

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta do escrito de renuncia voluntaria ao cargo de concelleiro do Grupo Municipal do BNG de don José Antonio Pose Rodríguez que ocupa dende que tomou posesión o pasado 15 de xuño, despois de celebradas as Eleccións Municipais do día vinte e seis de maio.

Considerando o disposto ao efecto no artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e nos artigos 15.2, 19.1.1) e 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeral e normas concordantes, especialmente na Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2013, sobre substitución de cargos representativos locais.

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia de don José Antonio Pose Rodríguez ao cargo de concelleiro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.

SEGUNDO.- Declarar a vacante dun posto de concelleiro pertencente ao citado Grupo Político Municipal.

TERCEIRO.- Remitir certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central aos efectos da expedición da credencial acreditativa da condición de electo, a favor de don DAVID BROCOS VIEIRO, seguinte na lista dos que concorreron nas últimas Eleccións Locais polo BNG, para que poida tomar posesión do seu cargo.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, para dicir que era algo que xa tiñan planificado no BNG dende hai tempo. David non entrara no seu momento por uns poucos votos e cre que é o momento de que estea nesta corporación. Dentro dun ano volveranse a ver. Haberá unha asemblea no BNG na que se decidirá o cabeza de lista porque non necesitan disto para vivir e a situación comezaba a resultarlle tedio. Co PP é moi difícil



facen nada, é traballar en baleiro. Hai moitas mocións que presentaron e aprobaron que o PP deixou no caixón.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que é unha idea que se xestou dende o ano 2019. Sabe o traballo que fai cada un dos membros que ían nesa lista e o que poden achegar. Considera que precisa un descanso e que fixo un labor increíble.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non sabe se volverán coincidir na próxima lexislatura, pero di que foi un pracer.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, agrádecelle o traballo desenvolvido no Pleno, as súas achegas, a súa honestidade e a cordial relación co resto da corporación. Evidentemente hai temas que non comparten porque teñen visións diferentes, algunhas condicionadas porque non é o mesmo estar na oposición ou no grupo de goberno.

Deséxalle o mellor tanto no eido político como no persoal.

Intervén a Presidencia para agradecerlle todo o traballo que dende a oposición construtiva fixo polo ben dos veciños e do concello.

Tamén lle agradece o bo trato persoal que sempre tivo co Alcalde, co equipo de goberno, cos concelleiros e co persoal municipal.

Con independencia das discrepancias que tiveron, cre que é unha excelente persoa con vontade de servizo público e deséxalle sorte no persoal e profesional. Se nun futuro volve á corporación municipal seguro que é bo para Vedra.

7º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Pregunta en que punto está o expediente que se abriu xa hai tempo sobre a urbanización errada en San Xián.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto ás axudas ao transporte e ao ensino do concello, nun primeiro momento superouse o crédito orzamentario e quedou xente fóra con dereito á axuda. Agora unha vez presentadas as xustificacións polos beneficiarios sobran 2.000 € e hai xente que ten dereito a elas e que as solicitou en tempo e prazo. Pregunta se hai forma de que teña acceso a ela esa xente xa que sobrou crédito.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta como está o tema do centro de día.

2º.- Hai un ano xa preguntara en Pleno cantas hectáreas novas de viñado se estaban plantando en Vedra. Solicita que actualicen ese informe.

Conclúe ao fio das vinte e tres horas e cinco minutos.